

**CIG****Boletín  
Sindical**

Nº 20 - 2018

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

# A CIG convoca folga xeral o 19 de xuño Baixo o lema 'Sumando loitas. Sobran razóns'

A mellor definición que podemos dar da crise económica que arrastramos dende o ano 2008 é a de gran estafa social. O poder económico e político pretende vendernos que nos atopamos no camiño da "recuperación", que o peor da crise xa pasou e que estamos nunha etapa de crecemento. Propaganda que é un insulto á clase traballadora e ás clases populares galegas que a diario sofren as consecuencias das reformas e os recortes impostos ao amparo da crise e que ven como engordan os beneficios das clases dirixentes a conta da corrupción e do saqueo á clase obreira.

Lonxe de seren conxuntuais ou anecdóticas, o paquete de medidas meticulosamente executado nesta década, primeiro polo PSOE e despois polo PP, e acompañado en maior ou menor medida da convivencia de UGT e CCOO, ten provocado tal grao de empobrecemento e precarización que hoxe en día ter un traballo xa non garante vivir en condicións dignas.

Mentres aumentan as rendas do capital, medra o desemprego e a emigración, e baixa a ocupación e a poboación activa. A reforma laboral instalou novas formas de explotación, incrementándose de maneira exponencial os traballos precarios, os contratos a tempo parcial, e o número de traballadoras/es que teñen ingresos

inferiores á metade do salario mínimo interprofesional.

Ao tempo, recortáronse as coberturas e prestacións sociais, de modo que en Galiza máis do 50% das persoas sen emprego non teñen ningún tipo de ingreso. Debilitouse unha ferramenta fundamental da clase obreira como a negociación colectiva, favorecendo os convenios de empresa e estatais, e reforzando así a unha patronal que ten secuestrada a negociación colectiva e, polo tanto, as posibilidades de mellorar as condicións laborais e salariais.

Atácanse as pensións públicas para dificultar o acceso ás mesmas e a súa contía, sendo os galegos e as galegas quen temos as pensións máis baixas do Estado. Desmantélanse os servizos públicos para engordar o negocio das grandes corporacións que, en agradecemento, regalan cadeiras de ouro nos seus consellos de administración ás e aos políticos amigos.

## Políticas antiobreiras

Corremos o perigo da consolidación dunha situación social e nacional sen saída, agravada pola indolencia do Goberno galego que actúa como servil criado aos ditados de Madrid e Bruxelas, que permite o espolio dos nosos aforros e dos nosos recursos, incapaz de tomar iniciativas a favor dun desenvolvemento económico e social digno no noso país. A

Xunta de Núñez Feixoo actúa a favor dos fondos de inversións que acumulan máis riqueza en menos mans en territorios lonxe de Galiza.

Que dicir do Goberno de Mariano Raxoi, acurrallado polos escándalos de corrupción, mentres executa con man de ferro todas estas políticas antiobreiras e antisociais; actuando coa tiranía propia do franquismo, criminalizando e perseguindo toda a resposta social sen importarse de utilizar para isto o poder xudicial, as forzas policiais ou o control dos medios de comunicación.



# Estamos fartas/os: xa basta de recortes!

Pero as galegas/os estamos fartas/os, cheas/os de aturar incontábeis ataques aos nosos dereitos laborais e sociais. E así o manifestamos nas loitas e duros conflitos rexistrados nos últimos meses: aí está a extraordinaria e histórica folga de mulleres do 8 de marzo, as mobilizacións do colectivo de pensionistas, do persoal da xustiza, as protestas do persoal sanitario e de miles de galegas/os contra o desmantelamento da sanidade pública, as folgas en diferentes sectores e empresas durante o pasado ano e o que levamos de 2018 contra o bloqueo patronal da negociación e na defensa duns convenios dignos, a batalla encetada contra Servicarne-Coren para rematar coa escravitude que supón o negocio das falsas cooperativas, etc.



Chegou o tempo de sumar todas estas loitas e esforzos para dar a resposta necesaria. Na CIG apostamos por non resignarnos, por actuar, por contestar como sempre

fixo a clase traballadora e convocar unha folga xeral para o 19 de xuño que sirva para dar unha petada na mesa e berrar ben alto: xa basta de recortes!

## Non podemos aturar máis ataques

Canto máis temos que agardar? Na CIG cremos que nin un minuto máis, porque é moito o que está en xogo se queremos evitar que as novas xeracións vivan en peores condicións que as anteriores. Ante a crúa realidade non queda outra que proceder, intensificando as mobilizacións pola recuperación dos dereitos laborais e sociais roubados, pola recuperación dos salarios, pola derogación da reforma laboral, da negociación colectiva, das pensións, os recortes nos servizos públicos, o retroceso nas liberdades e porque queremos ter máis capacidade de combate para acabar cos ataques aos dereitos das mulleres.

Temos que pasar á ofensiva, rachar co inmovilismo. Chegou o momento de desafiar o poder económico e político e demostrarlle a nosa disposición a pelexar polos nosos dereitos e por un futuro

**É o momento de pelexar polos nosos dereitos laborais e sociais.**

digno, porque a loita é o único camiño que permite que o imposible sexa posible. O 19 de xuño, a clase obreira galega ten a oportunidade de demostrar nos centros de traballo e nas rúas a nosa capacidade de resistencia, a nosa indignación, o noso empacho con estes gobernos corruptos

do PP e do réxime podre do 78. Un réxime que pretenden manter a toda costa sobre-explotando á maioría social e negando os dereitos das nacións que integramos o Estado español.

Esta folga, máis que ningunha outra, transcende do ámbito estritamente laboral para ser tamén a expresión da indignación colectiva ante a podremia do sistema político que nos abafa.





# As únicas folgas que fracasan son as que non se convocan



Na CIG non nos achicamos. Non podemos quedar de brazos cruzados agardando non se sabe o que e até non se sabe cando. Facemos un chamamento á folga xeral o 19 de xuño co convencemento de que estas políticas non só se poden revertir, senón que debemos cambialas. Mais tendo moi presente que os dereitos non se regalan, non se compran, nin se mercadean no diálogo social.

Á clase traballadora tócanos conquistar cada un dos dereitos coa mobilización e a loita, que é a vía para a defensa das nosas condicións laborais e de vida, para acadar alternativas coas que facer real o dereito a vivir e traballar dignamente na nosa terra, e para que en Galiza teñamos emprego, salarios e pensións dignas.

Pero nestes loita sobran atrancos e faltan aliadas/os. Resulta lamentábel escoitar as críticas que lanzan CCOO e UGT á convocatoria de folga xeral

promovida pola CIG, negándose a traballar conxuntamente para dar unha resposta contundente. Máis á contra, estas organizacións sindicais fan chamamentos entusiastas ao diálogo social para afrontar a arrepiente

situación laboral e social, apostando máis pola unión de intereses coa patronal e o Goberno, aínda que isto supoña dismantelar a loita sindical. Rexeitando así o emprazamento que dende a CIG facemos á unidade da clase traballadora a través da folga xeral, para facer fronte á

grave situación actual.

Ese modelo sindical de pacto perdeu o creto social e vese incapaz de vehicular nin conxugar as reivindicacións da clase traballadora, que se sente desapegada destas centrais sindicais. Conscientes de que boa parte da súa base social comparte a diagnose que dende a CIG facemos sobre o que está a suceder, UGT e

CCOO non poden desentenderse, caer na pasividade e seguir apostando pola infamia do diálogo social que axuda a consolidar o saqueo á clase traballadora.

Un sindicato digno de tal nome, está na obriga de dar unha resposta, e na CIG optamos por dala, convocando unha folga xeral, sendo atrevidos e atrevidas, preferindo que se nos critique por levala adiante, por actuar, que por ser cómplices e inútiles á clase traballadora coa nosa pasividade e inacción.

Como clase traballadora, como pobo galego, non temos que esperar a que nos dean permiso para nos mobilizar. Hai que desacomplexarse, convocar esta folga en solitario non supón un problema para as galegas/os, ten que ser un problema para esas organizacións sindicais.

Porque máis cedo ou máis tarde, os resultados das folgas sempre teñen efectos positivos: o primeiro deles reafirmar a nosa dignidade e a nosa disposición como clase traballadora a defender os nosos dereitos.

**Os dereitos sociais e laborais non se regalan, non se compran, nin se mercadean no diálogo social.**

# A folga xeral é a nosa resposta...

- **Para esixir a derogación da reformas laborais** que debilitan a clase traballadora, precarizan o emprego, empobrecénnos e establecen novas formas de explotación laboral.

- **En defensa das pensións públicas.** Para que o PP non siga desoíndo o clamor social que reclama pensións dignas, pero tamén como a mellor defensa ante a próxima reforma que están a cocer no chamado Pacto de Toledo. As medidas anunciadas nos Orzamentos non son máis que parches. Mentres non se derroguen as reformas de 2011 e 2013 o saqueo ás pensións seguirá.

- **Contra os abusos da patronal** que, envaletonada con estas políticas antiobreiras, ten paralizada a negociación colectiva, ataca as nosas condicións laborais e salariais e impón convenios e acordos marco estatais que non dan cabida ás nosas reivindicacións.

- **Para bloquear as políticas do PP** que favorecen ás persoas máis ricas. Usurpando as competencias autonómicas, o Goberno de Raxoi prepara un novo retallo ao sistema de protección por desemprego, unificando as prestacións asistenciais para reducir o tempo e as contías dos subsidios.

- **Para frear os recortes sociais e a privatización de servizos** que ocasionan que amplos sectores sociais queden desatendidos e sen cobertura social. Hai que lograr a retirada da LOMCE e a Lei de Saúde da Xunta de Feixoo para que o ensino e a sanidade sigan sendo galegas, públicas, universais, gratuítas e de calidade.

- **Para conseguir avances reais para as mulleres.** A folga do 8 de marzo debe traducirse no remate da fenda salarial, da temporalidade, do acoso sexual e laboral, das discriminacións por maternidade e por exercer os dereitos de conciliación. A sentenza da Audiencia de Nafarroa confirma que a violencia patriarcal está instalada en todos os aparatos do Estado.

- **Para enfrontar o retroceso nas liberdades democráticas e nos dereitos fundamentais** a través da Lei Mordaza e da última reforma do Código Penal, que se está a manifestar coa brutal represión contra traballadoras/es que se atopan en risco de entrar en prisión por exercer o dereito á folga.

- **Pola rexeneración democrática** fronte á corrupción actual e ante a crise política e institucional do réxime imposto coa Constitución do 78, que pretenden perpetuar a toda costa.

- **Por solidariedade de clase.** Cómpre romper esa dupla realidade existente dentro da clase traballadora entre persoas explotadas e sobre-explotadas que as reformas laborais están a impoñer. Temos a obriga de responder ao perigo de que a precariedade e a pobreza laboral se fagan imparábeis.

- **Para conquistar o dereito a vivir e traballar dignamente na nosa terra,** para lograr que se fagan políticas en Galiza que impulsen e defendan os nosos sectores produtivos. Para que a nosa emigración poida retornar.

# Folga 19 DE XUÑO

# Xeral



Confederación Intersindical Galega